

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

18003 *Lei 14/2009, do 11 de novembro, pola que se regula o programa temporal de protección por desemprego e inserción.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

I

O impacto da actual crise económica sobre o emprego e o mercado de traballo está sendo significativamente severo como reflicte o importante incremento do desemprego e a destrución de emprego do último ano e medio. Ante esta situación, co obxectivo de minorar a repercusión da crise sobre a economía e o emprego, así como de reforzar a protección dos traballadores, o Goberno adquiriu o compromiso de incrementar as dotacións orzamentarias na contía necesaria para garantir o dereito ao cobramento das prestacións por desemprego e tomou medidas sobre a ampliación da protección dos traballadores afectados por expedientes de regulación de emprego, a través da reposición das prestacións por desemprego, e sobre a eliminación do período de espera, de forma que os beneficiarios dos subsidios por desemprego os perciben de forma inmediata, evitándose así períodos de desprotección, o cal se efectuou orixinariamente mediante a promulgación do Real decreto lei 2/2009, do 6 de marzo, de medidas urxentes para o mantemento e o fomento do emprego e a protección das persoas desempregadas.

Neste contexto, o Programa temporal de protección por desemprego e inserción regulado nesta lei forma parte das medidas que vén impulsando o Goberno para facer fronte á crise económica, ao incremento do desemprego e, de maneira especial, á prolongación dos períodos de desemprego que sofren os traballadores, o que leva en moitos casos ao esgotamento da protección por desemprego actualmente en vigor.

Co obxecto de cumprir o mandato da Resolución n.º 14 aprobada no Congreso dos Deputados no Debate do Estado da Nación de 2009, e logo da súa exposición no marco do diálogo social sen ter alcanzado acordo, o Goberno considerou necesario, urxente e inadiable articular os mecanismos que amplían a cobertura da protección daqueles traballadores que esgotaron a súa protección por desemprego para impedir ou mitigar o risco de exclusión social, e aprobou o Decreto lei 10/2009, do 13 de agosto, polo que se regula o programa temporal de protección por desemprego e inserción. A través daquel decreto lei e desta lei, que o substitúe, estableceuse que, dentro dun ámbito temporal limitado e a través do programa de referencia, se amplíe a protección por desemprego aos traballadores que esgotaron as prestacións e subsidios previos e se encontran en situación de necesidade por careceren doutras rendas. Non obstante, con ser esencial ofrecer unha garantía de ingresos mínimos para afrontar estas situacións en que se encontran cada vez máis traballadores, este programa pretende ir máis alá, pola vía da aplicación de medidas adecuadas dirixidas a fomentar a capacidade de inserción laboral dos colectivos afectados, mediante a súa participación nun itinerario activo de inserción para o emprego, de forma que se vinculen e alcancen obxectivos non só de protección social senón de reinserción laboral.

Deste modo, o Goberno e as comunidades autónomas comprométense a levar a efecto esta medida, dentro dos seus respectivos ámbitos competenciais, cuxo obxecto é regular unha prestación por desemprego extraordinaria que poderán percibir os menores de 65 anos que extinguisen por esgotamento a prestación ou subsidio por desemprego que establece o texto refundido da Lei xeral da seguranza social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, que carezan de rendas propias e en cómputo familiar superior ao 75 por cento do salario mínimo interprofesional e se comprometan a realizar as distintas actuacións que determine o servizo público de emprego correspondente no itinerario activo de inserción laboral.

Por outra parte, dado o incremento do número de expedientes de protección por desemprego que se veñen tramitando ultimamente, faise aconsellable dar o impulso necesario á utilización de medios electrónicos, tal e como prevé a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, polo que a disposición derradeira primeira do proxecto contén unha modificación (inclusión dunha nova disposición adicional) da Lei xeral da seguranza social, co fin de dar cobertura á tramitación electrónica do recoñecemento das prestacións por desemprego.

II

As medidas adoptadas nesta lei contéñense en doce artigos, dúas disposicións adicionais, unha disposición transitoria única e cinco disposicións derradeiras, que se concretan como segue.

A duración do programa será de seis meses contados desde o 16 de agosto de 2009, data en que adquiriu vixencia o decreto lei que deu orixe a esta lei.

Os beneficiarios do programa serán persoas desempregadas menores de 65 anos que, na data da solicitude que deberán presentar dentro dos 60 días seguintes ao esgotamento da prestación, cumpran unha serie de requisitos: ter extinguido por esgotamento a prestación por desemprego de nivel contributivo (sen dereito a subsidio posterior) ou o subsidio por desemprego durante o período establecido no programa, sempre que en ambos os casos carezan de rendas, de calquera natureza, superiores, en cómputo mensual, ao 75 por cento do salario mínimo interprofesional, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias; estar inscritos como demandantes de emprego; subscribir o compromiso de actividade a que se refire o artigo 231.2 da Lei xeral da seguranza social e comprometerse a realizar as distintas actuacións que determine o servizo público de emprego correspondente no itinerario activo de inserción laboral.

A prestación por desemprego extraordinaria poderase obter unha soa vez; a súa contía mensual será igual ao 80 por cento do indicador público de renda de efectos múltiples vixente en cada momento, e a súa duración máxima será de 180 días.

As resolucións relativas á prestación extraordinaria por desemprego, así como os pagamentos correspondentes efectuaranse no máis breve prazo posible, sendo de aplicación o réxime xeral de prazos que para a protección por desemprego establece o artigo 228 da Lei xeral da seguranza social.

Establécense tamén os contidos dos itinerarios activos de inserción laboral que serán definidos e xestionados polos servizos públicos de emprego competentes.

O Servizo Público de Emprego Estatal é o organismo competente para a declaración do recoñecemento, denegación, suspensión, extinción ou reinicio da prestación por desemprego extraordinaria, o que se indica no artigo 8 da disposición, que igualmente informará os posibles beneficiarios que esgoten a duración da prestación por desemprego de nivel contributivo ou dos subsidios por desemprego da posibilidade de solicitar o recoñecemento da prestación por desemprego extraordinario e a admisión ao programa.

Regúlase a incompatibilidade da prestación por desemprego extraordinaria cos salarios sociais, rendas mínimas ou axudas análogas de asistencia social, aplicándose así mesmo o réxime de incompatibilidades establecidas no artigo 221 da Lei xeral da seguranza social.

O financiamento do programa é diverso ao ser diversas as materias afectadas por el e residir as competencias sobre estas tanto no Estado como nas comunidades autónomas.

Así, a prestación por desemprego extraordinaria estará a cargo dos orzamentos do Servizo Público de Emprego Estatal, e as accións incluídas nos itinerarios de emprego dependerán dos propios dos servizos públicos de emprego competentes.

A disposición adicional primeira refírese á elaboración dun estudo en que o Goberno analice o grao de coordinación e os resultados obtidos polas diferentes axudas públicas encamiñadas á protección dos desempregados e á inserción social de persoas en risco de exclusión. Este estudo será remitido ás comisións competentes do Congreso dos Deputados e do Senado para a súa avaliación.

A disposición adicional segunda abre paso á vía dos convenios de colaboración coas comunidades autónomas como instrumento para a posta en marcha das actuacións previstas nesta lei.

Na disposición transitoria única, co fin, así mesmo, de dar resposta ao compromiso adquirido en sede parlamentaria, prevese a posibilidade de que, ademais do colectivo recollido no artigo 1, se acollan a este programa aqueles traballadores que, cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2, esgotasen a súa prestación ou subsidio por desemprego desde o día 1 de xaneiro de 2009.

Na disposición derradeira primeira contense unha modificación (inclusión dunha nova disposición adicional) do texto refundido da Lei xeral da seguranza social, co fin de dar cobertura á tramitación electrónica do recoñecemento das prestacións por desemprego.

As catro restantes disposicións derradeiras establecen as facultades de desenvolvemento, a habilitación ao Goberno para proceder á prórroga do programa, tendo en conta, entre outros factores, a situación de desemprego, así como o título competencial e a entrada en vigor.

Artigo 1. *Obxecto e duración do programa.*

1. O obxecto do programa é facilitar cobertura económica, con carácter extraordinario, a persoas en situación de desemprego que, tendo esgotada a prestación por desemprego contributivo ou o subsidio por desemprego, carezan de rendas e adquiren o compromiso de participar nun itinerario activo de inserción laboral, nos termos que se establecen nesta lei.

2. A duración do programa será de seis meses contados desde o día 16 de agosto de 2009.

3. A prestación extraordinaria por desemprego regulada nesta lei poderase obter unha soa vez.

Artigo 2. *Beneficiarios e requisitos.*

1. Poderán ser beneficiarios deste programa as persoas desempregadas menores de 65 anos que, na data de solicitude de incorporación a el reúnan os requisitos recollidos nas alíneas a) ou b) seguintes:

a) Ter extinguido por esgotamento a prestación por desemprego de nivel contributivo dentro do período de duración do programa, e que non teñan dereito ao subsidio por desemprego, sempre que carezan de rendas, de calquera natureza, superiores en cómputo mensual ao 75 por cento do salario mínimo interprofesional, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias.

Aínda que o solicitante careza de rendas, nos termos anteriormente establecidos, se pertence a unha unidade familiar das recollidas no parágrafo seguinte, unicamente se entenderá cumprido o requisito de carencia de rendas cando a suma das rendas de todos os integrantes da unidade familiar, incluídas as do solicitante, dividida polo número de membros que a compoñen, non supere o 75 por cento do salario mínimo interprofesional, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias.

Para estes efectos, a unidade familiar considerarase integrada polo solicitante e o cónxuxe, e/ou fillos menores de 26 anos, ou maiores con discapacidade ou menores acollidos.

No caso de que o solicitante careza da totalidade dos indicados no parágrafo anterior, considerarase que a unidade familiar está integrada polo solicitante e polos seus pais, sempre que conviva con eles.

Consideraranse rendas as recollidas no artigo 215.3.2 do texto refundido da Lei xeral da seguranza social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

b) Ter extinguido por esgotamento, incluídas as prórrogas, os subsidios por desemprego establecidos no artigo 215 da Lei xeral da seguranza social, dentro do período de duración do programa, sempre que reúnan os requisitos de carencia de rendas establecidos anteriormente.

2. En ambos os casos, as persoas desempregadas a que se refire o punto anterior deberán estar inscritas como demandantes de emprego, subscribir o compromiso de actividade a que se refire o artigo 231.2 da Lei xeral da seguranza social e comprometerse a realizar as distintas actuacións que determine o servizo público de emprego correspondente no itinerario activo de inserción laboral en que participen.

3. Os requisitos de carencia de rendas individuais e, se é o caso, de rendas familiares deberán concorrer no momento da solicitude e durante a percepción da prestación por desemprego extraordinaria, non sendo aplicable a excepción incluída no segundo parágrafo do artigo 215.3.1 da Lei xeral da seguranza social.

4. Non se poderán beneficiar do programa os traballadores que esgoten o subsidio por desemprego para maiores de 52 anos establecido no artigo 215.1.3 da Lei xeral da seguranza social, os traballadores fixos descontínuos que, mentres manteñan esta condición, esgoten a prestación por desemprego ou os subsidios por desemprego durante os períodos de inactividade produtiva e os traballadores que esgoten a prestación por desemprego ou os subsidios por desemprego durante a suspensión da relación laboral ou a redución da xornada de traballo en virtude de expedientes de regulación de emprego.

Artigo 3. *Obrigas dos traballadores.*

Os traballadores, para a súa incorporación e mantemento no programa, deberán cumprir as obrigas que implica o compromiso de actividade que subscriban e aquelas que deriven deste, así como as previstas no artigo 231.1 da Lei xeral da seguranza social.

Artigo 4. *Itinerarios de inserción laboral.*

Os servizos públicos de emprego das administracións públicas competentes definirán os contidos do itinerario de inserción laboral en que deben participar os beneficiarios do programa.

Artigo 5. *Contía e duración da prestación por desemprego extraordinaria.*

1. A contía mensual da prestación por desemprego extraordinaria que se regula nesta lei será igual ao 80 por cento do indicador público de renda de efectos múltiples mensual vixente.

2. A duración máxima da prestación por desemprego extraordinaria será de 180 días.

3. O Servizo Público de Emprego Estatal non cotizará á Seguranza Social polos beneficiarios da prestación por desemprego extraordinaria durante a súa percepción, aínda que estes beneficiarios terán dereito á prestación de asistencia sanitaria e, se é o caso, ás prestacións familiares, nas mesmas condicións que os traballadores incluídos nalgún dos réximes que integran o Sistema da Seguranza Social.

Artigo 6. *Solicitude da prestación por desemprego extraordinaria.*

A solicitude deberase presentar dentro dos 60 días seguintes ao esgotamento da prestación de nivel contributivo ou do subsidio por desemprego, no modelo oficial que se estableza, que incluírá a subscrición expresa do compromiso de actividade e de participar nun itinerario de inserción, e presentarse no servizo público de emprego competente

para a xestión do itinerario. Transcorrido este prazo, denegarase a prestación por desemprego extraordinaria.

Artigo 7. Dinámica da prestación por desemprego extraordinaria.

1. Os traballadores que reúnan os requisitos exixidos no artigo 2 terán dereito á prestación por desemprego extraordinaria regulada nesta lei a partir do día seguinte a aquel en que se solicite.

2. Serán de aplicación á prestación por desemprego extraordinaria as normas sobre suspensión e extinción previstas nos artigos 212, 213 e 219.2 da Lei xeral da seguranza social.

3. En todo caso producirase a extinción da prestación por desemprego extraordinaria por realizar o titular un ou varios traballos por conta allea cuxa duración acumulada sexa igual ou superior a doce meses, sen que se poida exercer o dereito de opción establecido no artigo 210.3 da Lei xeral da seguranza social.

Cando o traballador sexa titular dun dereito á prestación por desemprego extraordinaria e se encontre, ademais, nalgunha das situacións que dan dereito ao subsidio por desemprego poderá manter ou reiniciar a percepción da prestación por desemprego extraordinaria ou solicitar o dereito ao subsidio. No caso de que se lle recoñeza o subsidio, a prestación por desemprego extraordinaria quedará extinguida. Se mantén ou reinicia a prestación por desemprego extraordinaria, con posterioridade poderá solicitar o subsidio por desemprego con aplicación, se é o caso, dos efectos establecidos para as solicitudes fóra de prazo, salvo cando se trate do subsidio previsto no artigo 215.1.2 da Lei xeral da seguranza social para o cal se exixirá encontrarse de novo en situación legal de desemprego.

Artigo 8. Xestión e organismos competentes.

1. O Servizo Público de Emprego Estatal informará os traballadores que esgoten a duración da prestación por desemprego de nivel contributivo ou dos subsidios por desemprego da posibilidade de solicitar o recoñecemento da prestación por desemprego extraordinaria e a admisión ao programa.

2. Os servizos públicos de emprego correspondentes trasladarán a solicitude da prestación por desemprego extraordinaria ao Servizo Público de Emprego Estatal en que deberá constar o compromiso de actividade adquirido pola persoa solicitante.

3. O Servizo Público de Emprego Estatal, a través das súas direccións provinciais, declarará o recoñecemento ou denegación e a suspensión, extinción ou reinicio da prestación por desemprego extraordinaria, o que suporá a admisión ou inadmisión e a baixa ou reincorporación ao programa.

Se se trata de traballadores desempregados procedentes do réxime especial da seguranza social dos traballadores do mar, corresponderalle ao Instituto Social da Mariña ditar as resolucións.

4. O Servizo Público de Emprego Estatal ou, se é o caso, o Instituto Social da Mariña trasladarán con carácter inmediato aos servizos públicos de emprego correspondentes as resolucións relativas a esta prestación extraordinaria por desemprego, así como as baixas ou as reincorporacións a esta que se produzan.

5. Os servizos públicos de emprego competentes xestionarán as accións correspondentes aos itinerarios previstas no artigo 4. Con carácter mensual, proporcionarán información ao Servizo Público de Emprego Estatal sobre a situación da participación nos ditos itinerarios dos beneficiarios do programa. Así mesmo, comunicarán os incumprimentos das obrigas no momento en que se produzan.

6. Os intercambios de información previstos nesta lei para a aplicación do programa efectuaranse preferentemente por medios telemáticos nos formatos que facilite o Servizo Público de Emprego Estatal.

7. As resolucións relativas a esta prestación e os pagamentos correspondentes efectuaranse no menor prazo posible. En todo caso, aplicaranse os prazos previstos no artigo 228 da Lei xeral da seguranza social.

Artigo 9. *Incompatibilidades.*

A prestación por desemprego extraordinaria será incompatible cos salarios sociais, rendas mínimas ou axudas análogas de asistencia social concedidas polas distintas administracións públicas, e, así mesmo, aplicaranse as incompatibilidades establecidas no artigo 221 da Lei xeral da seguranza social e nas súas normas de desenvolvemento.

Artigo 10. *Financiamento.*

1. A prestación extraordinaria por desemprego que se regula nesta lei financiarase con cargo aos orzamentos do Servizo Público de Emprego Estatal.

2. As accións incluídas nos itinerarios de emprego financiaranse con cargo aos orzamentos dos servizos públicos de emprego competentes.

Artigo 11. *Financiamento da prestación extraordinaria por desemprego.*

Un. Incidencia no orzamento de gastos do Estado.

1. Para atender o financiamento da prestación extraordinaria por desemprego, a que se refire esta lei, concédese un suplemento de crédito ao orzamento da sección 19 «Ministerio de Trabajo e Inmigración», servizo 03 «Secretaría Xeral de Emprego», programa 000X «Transferencias internas», capítulo 4 «Transferencias correntes», artigo 41 «A organismos autónomos», concepto 412 «Para financiar o orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal», por un importe de 345.000.000,00 euros.

2. O suplemento de crédito que se concede no parágrafo anterior financiarase con débeda pública e queda sen efecto, para os únicos fins desta lei, o disposto no artigo 16 do texto refundido da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2007, do 28 de decembro, e nos artigos 50.1 e 55.1 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, respecto do financiamento dos suplementos de crédito con Fondo de Continxencia.

Dous. Incidencia no orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal.

O suplemento de crédito a que se refire o punto anterior financiará unha ampliación de crédito no orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal, nos seguintes termos:

Orzamento de ingresos:

Aumentos:

	Denominación	Importe (euros)
19.101.400.02	Para financiar o orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal.	345.000.000,00
Total		345.000.000,00

Orzamento de gastos:

Ampliación de crédito:

	Denominación	Importe (euros)
19.101.251M.480.01	Subsidio desemprego, mesmo obrigas de exercicios anteriores.	345.000.000,00
Total		345.000.000,00

Artigo 12. *Dereito supletorio.*

No non previsto expresamente nesta lei respecto á prestación por desemprego extraordinaria aplicarase o disposto no título III da Lei xeral da seguranza social.

Disposición adicional primeira. *Estudo sobre as actuais prestacións e subsidios por desemprego.*

O Goberno realizará un estudo, nos próximos seis meses, sobre os resultados da prestación extraordinaria por desemprego que regula esta lei, así como sobre a vixente prestación e subsidios por desemprego, sobre a renda activa de inserción e sobre os restantes mecanismos de protección destas contingencias por parte das comunidades autónomas e as entidades locais, de acordo cos seguintes criterios:

- Perceptores, desde o punto de vista cualitativo e cuantitativo, participación destes en actividades formativas e de interese público, e inserción no mercado laboral.
- Contías destas percepcións, participación das entidades locais e grao de coordinación coas comunidades autónomas.

O estudo de referencia remitirase ás comisións competentes do Congreso dos Deputados e do Senado.

Disposición adicional segunda. *Convenios de colaboración coas comunidades autónomas.*

O Servizo Público de Emprego Estatal poderá establecer convenios de colaboración coas comunidades autónomas para desenvolver as actuacións necesarias para o cumprimento do previsto nesta lei, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego.

Disposición transitoria única. *Incorporación ao programa dos traballadores que esgotasen as prestacións por desemprego a partir do 1 de xaneiro de 2009.*

Non obstante o previsto no artigo 1.2 desta lei, terán dereito a ser beneficiarios deste programa aqueles que, cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2, extinguisen por esgotamento a prestación por desemprego contributiva ou o subsidio por desemprego desde o 1 de xaneiro de 2009. Este colectivo deberá presentar a solicitude dentro dos 60 días seguintes ao da entrada en vigor desta lei, na forma e cos efectos previstos no artigo 6.

Disposición derradeira primeira. *Utilización de medios electrónicos na tramitación dos procedementos en materia de protección por desemprego.*

De acordo co disposto nos artigos 38 e 39 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, engádese unha nova disposición adicional ao texto refundido da Lei xeral da seguranza social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional cuadraxésimo sexta. *Tramitación electrónica de procedementos en materia de protección por desemprego.*

De acordo co disposto nos artigos 38 e 39 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, poderanse adoptar e notificar resolucións de forma automatizada nos procedementos de xestión da protección por desemprego previstos no título III desta lei.

Para tal fin, mediante resolución do director xeral do Servizo Público de Emprego Estatal, establecerase previamente o procedemento ou procedementos de que se trate, o órgano ou órganos competentes, segundo os casos, para a definición das especificacións, programación, mantemento, supervisión e control de calidade e, se é o caso, auditoría do sistema de información e do seu código fonte. Así mesmo,

indicarase o órgano que debe ser considerado responsable para efectos de impugnación.»

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento.*

O ministro de Traballo e Inmigración, no ámbito das súas competencias, ditará as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a execución do establecido nesta lei.

Así mesmo, habilitase o Goberno para que aprobe, mediante acordo do Consello de Ministros, cantas disposicións sexan necesarias para a execución e o desenvolvemento que garanta a adecuada coordinación do Servizo Público de Emprego Estatal cos servizos públicos de emprego das comunidades autónomas, así como a modernización e mellora dos recursos materiais e tecnolóxicos da rede de oficinas, incluíndo a provisión de recursos humanos necesarios para afrontar a execución do programa.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación ao Goberno.*

Habilitase o Goberno para, tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias, as perspectivas económicas e a situación de desemprego, prorrogar este programa por períodos de seis meses.

Disposición derradeira cuarta. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro do artigo 149.1.17.^a da Constitución, que establece a competencia exclusiva do Estado en materia de lexislación básica e réxime económico da Seguranza Social.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 11 de novembro de 2009.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO